

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2004**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros

Concelleiros

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado

Don Antonio Cortizas Rodríguez

Don Juan José Herva Mallo

Don José María Laya Carril

Dona María del Rosario Manso López

Don José Paz Tenreiro

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Manuel José Pérez Martínez

Don Luis Purriños Pena

Don Jesús Veiga Sabín

Dona Eva María Vilariño González

Secretaria acctal:

Dona L. Marina Pérez Somorrostro.

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás 13,00 horas do día vinte e oito de setembro de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a totalidade dos membros que de feito compoñen a Corporación, concelleiros: don Miguel Anxo Abreira Sobrado; don Antonio Cortizas Rodríguez; don Juan José Herva Mallo; don José María Laya Carril; dona María Rosario Manso López; don José Paz Tenreiro; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Manuel José Pérez Martínez; don Luis Purriños Pena; don Jesús Veiga Sabín e dona Eva María Vilariño González

Dá fe do acto, a secretaria accidental dona Luz Marina Pérez Somorrostro.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 13 de agosto de 2004, queda aprobada por unanimidade.

2.- CAMBIO DE COMPOSICIÓN E NÚMERO DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.- Segundo a proposta da Alcaldía, informe da Secretaría , e posterior informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 14-09-04, o Pleno do Concello, coa abstención do concelleiro representante do PSOE Sr. Cortizas Rodríguez, por entender que as Comisións de Asuntos Xerais e Cultura deberían agruparse, formando unha soa Comisión, e os votos favorables dos doce membros restantes da Corporación presentes na sesión, polo que existindo o quórum que esixe o art. 460 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, acorda a aprobación da modificación da composición e número das comisións informativas, pasando a ser a seguintes:

1.- COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA:

Eva Vilariño González (Presidenta)

José Manuel Rodríguez Vidal

Rosario Manso López

2 representantes do Partido Popular

1 representante do BNG

1 representante do PSOE

2.- COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS:

Rosario Manso López (Presidenta)

José M^a. Laya Carril

Luis Purriños Pena

2 representantes do Partido Popular

1 representante do BNG

1 representante do PSOE

3.- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO:

José M^a. Laya Carril (Presidente)
Rosario Manso López
Eva Vilariño González
2 representantes do Partido Popular
1 representante do BNG
1 representante do PSOE

4.- COMISIÓN INFORMATIVA DE POLICÍA, PROTECCIÓN CIVIL E SERVIZOS PÚBLICOS AO MUNICIPIO:

José Manuel Rodríguez Vidal (Presidente)
Luis Purriños Pena
Jose M^a. Laya Carril
2 representantes do Partido Popular
1 representante do BNG
1 representantes do PSOE

5.- COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA:

Luis Purriños Pena (Presidente)
José Manuel Rodríguez Vidal
Eva M^a. Vilariño González
2 representantes do Partido Popular
1 representante do BNG
1 representante do PSOE

6.- COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS:

Eva M^a Vilariño González (Presidente)
José Manuel Rodríguez Vidal
Rosario Manso López
2 representantes do Partido Popular
1 representante do BNG
1 representante do PSOE

3.- FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS PARA AS ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS.- Visto o informe favorable da Comisión Informativa de Contas e Facenda do día 14-09-2004, o Pleno do Concello por unanimidade acorda elevar o custo dos prezos públicos para os obradoiros culturais e escolas deportivas nun 10% con respecto aos do curso 2003-2004, e quedan fixados da seguinte forma:

ACTIVIDADES	MATRICULA 2003-2004	MATRÍCULA 2004-2005
ACTIVIDADES INFANCIA/XUVENTUDE (ata 18 años)	48,08 €	52,89 €
ACTIVIDADES ADULTOS(18 anos adiante)	60,10 €	66,11 €
ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE	45,07 €	49,58 €
AUTOBÚS PISCINA	24,04 €	26,44 €

Así mesmo, quedan fixadas as bonificacións segundo o seguinte baremo:

- 1.- O participante matriculado en dúas actividades: 25% de bonificación do prezo total.
- 2.- O participante matriculado en tres actividades: 50% de bonificación do prezo total.
- 3.- Familias que teñan 2 fillos matriculados: 25% de desconto do prezo total.
- 4.- Familias que teñan 3 fillos matriculados 50% de bonificación do prezo total.

4.- MODIFICACIÓN DA TAXA POLO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.-

Dada conta do expediente tramitado para proceder á modificación da “Ordenanza reguladora do prezo público por prestación do Servizo de axuda a domicilio”, no que se inclúe a providencia e memoria da Alcaldía, os informes de Secretaría e Intervención municipal.

Así mesmo, dada conta do informe e estudo de custos sobre a situación actual do Servizo de axuda a domicilio pola Área Municipal de Atención ao Cidadán do que se desprende a insuficiencia actual na prestación dos servizos sociais pola existencia de usuarios encamados e outros con escasa mobilidade que quedan desatendidos os días non laborables, é dicir: sábados, domingos e festivos.

Estudada a conveniencia de contratar os servizos durante os días non laborables cunha empresa privada, foron dúas as que ofreceron presuposto:

- a) SIAD 24 cun custo de 12,95 € hora (7% IVE).
- b) EUXA cun custo de 15,10 € e 17,30 € hora (7% IVE).

Acreditándose que a empresa privada unicamente factura por horas traballadas e o servizo estaría sempre cuberto, o que solucionaría o problema existente actualmente e o custo sería inferior ao da contratación dunha auxiliar, ademais de que a atención por parte desta podería ser insuficiente nas ocasións nas que exista moita demanda.

Vistos os informes favorables, o dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, o Pleno do Concello por unanimidade acorda aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de axuda a domicilio, que se proceda á súa publicación no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días para recibir as reclamacións oportunas, así como a resolución das reclamacións que se presentasen dentro do prazo e a posterior aprobación definitiva polo Pleno.

6.- PLAN PARCIAL DE NIGROFE.- Dada conta do expediente instruído a instancia de don JOSE ANTONIO SANTISO BARROS para o desenvolvemento do sector de solo urbanizable delimitado no PXOM de Miño como SOLO URBANIZABLE R-1 (NIGROFE).

Visto que na sesión da Xunta de Goberno Local do 3 de febreiro de 2004 se aprobou inicialmente o Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable de Nigrofe, publicándose os anuncios na forma establecida na Lei 9/02, sen que se tivesen presentado reclamacións ao respecto.

O Pleno do Concello, de conformidade co disposto no art. 21.2.c da Lei 7/85, acorda por unanimidade a aprobación definitiva do Plan Parcial.

Cumprir os requisitos legais necesarios para a entrada en vigor do Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado no PXOM como SOLO URBANIZABLE R-1 en NIGROFE, derivados do disposto na lexislación aplicable para o efecto.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás catorce horas e doce minutos, redactándose a presente acta, de todo o cal, eu a secretaria accidental, dou fe.

O alcalde-presidente

A secretaria acctal.,